



Concello de Xove

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE XOVE E O CLUBE RÍTMICA XOVE

Reunidos en Xove, na data sinalada

De unha parte, D. Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove con D.N.I. núm. 33.993.648Q, asistido do Secretario da Corporación D. Víctor Voces López, con D.N.I. 76.624.021-G, que da fé do acto.

De outra parte D. Roberto Fernández Abad, con D.N.I. XXXX783XX, actuando en nome e representación do Club Rítmica Xove, con C.I.F. G22592729, e domicilio social en Avda Diputación, 13 1ºG, Xove, Lugo.

Ambas partes recoñécense mutua e recíprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente

MANIFESTAN

Que as entidades locais, en canto Administracións Públicas, poden exercitar a acción de fomento de actividades ou proxectos que se consideren de utilidade pública, de interese social ou de promoción de unha finalidade pública, mediante a concesión de subvencións, segundo o disposto no artigo 2 da lei 38/2006, Xeral de Subvencións.

Que no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións se prevé a posibilidade de concesión directa de subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais

Que o Concello de Xove en virtude das súas competencias en materia de cultura e deporte, considera preciso establecer unha estreita colaboración coas entidades cidadás que participan no proceso de





Concello de Xove

execución de proxectos, programas ou actividades relacionadas con esta materia.

Que o Clube Rítmica Xove é unha entidade sen ánimo de lucre, rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións co número 49 e que segundo os seus estatutos entre os seus fins está a formación, organización e participación en actividades deportivas e culturais.

Que na Base de Execución 29ª do Orzamento do Concello de Xove para 2025, figura prevista unha axuda por importe de 4.600,00.-€ a favor de dito clube, con cargo á aplicación orzamentaria 341.489

Que o presente Convenio se formaliza para dar cumprimento ao previsto no artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

Polo anteriormente exposto, o Concello de Xove e o Clube Rítmica Xove, subscriben o presente Convenio Regulador da Subvención e mutua colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do Convenio

O presente Convenio ten por obxecto regular a subvención, de carácter discrecional, concedida polo Concello de Xove o Clube Rítmica Xove para o ano 2025, consignada na aplicación orzamentaria 341.489 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para financiar o programa de Impartición de clases, asistencia e organización de competicións e torneos 2025, en virtude da Resolución de Alcaldía de data 15 de outubro de 2025. O importe da axuda concedida ascende a 4.600,00.-€.

Consonte ao recollido no artigo 17 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como nas Bases de Execución do Orzamento Municipal, a percepción da presente axuda será compatible coa de outras





Concello de Xove

axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de entes públicos ou privados, sempre e cando o importe da totalidade das axudas percibidas non supere o coste do programa ou actividade subvencionada.

SEGUNDA.- Obrigas da entidade

1.- Destinar a totalidade dos fondos recibidos exclusivamente á finalidade para a que foi concedida a subvención e executar o proxecto ou actividade subvencionada dentro do ano 2025

2.- Proporcionar o persoal necesario para o normal funcionamento da actividade, xa sexa a través de persoal propio ou contratado ou en colaboración, responsabilizándose de todas as obrigas de natureza laboral e fiscal que se deriven (impostos, seguridade social, etc.)

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e organización, que os órganos competentes do Concello realicen, en particular, ás actuacións de comprobación e control financeiro que se realicen pola Intervención Municipal no exercicio do seu labor de control interno.

4.- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.

5.- Facer constar de xeito claro que a actividade ou programa está subvencionado ou patrocinado polo Concello de Xove, nos exemplares dos programas, carteles, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa.

6.- Presentar a conta xustificativa da subvención concedida dentro do prazo establecido

7.- Proceder ao reintegro da parte da axuda non xustificada, no seu caso e, en xeral, no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 74 a 76 do RD 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

TERCERA.- Obrigas do Concello de Xove

1.- Como financiamento necesario para poder levar a cabo as





Concello de Xove

actuacións inherentes á subvención, e consonte o establecido na Base 32 das de Execución do Orzamento Municipal de 2025, efectuar o pagamento anticipado do 70% do importe a conceder (3.220,00.-€) no momento da sinatura do presente Convenio.

2.- Proceder ao abono do 30% restante unha vez presentada debidamente e fiscalizada de conformidade, a conta xustificativa da subvención concedida.

CUARTA.- Gastos subvencionables

Serán subvencionables todos aqueles gastos que resulten inherentes ao desenvolvemento do programa ou actividade na que se basa a concesión da axuda, que sexan imprescindibles para o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención.

Non terán a consideración de subvencionables os gastos de investimento ou de natureza inventariable así como tampouco os impostos, taxas, recargas e sancións administrativas ou penais e os gastos de procedementos xudiciais.

Consonte ao establecido na Base 33ª das de Execución do Orzamento Municipal de 2025, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, o beneficiario deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 15 de decembro de 2025.

QUINTA.- Forma e prazo de xustificación do convenio e da axuda concedida

A xustificación das subvencións concedidas deberá igualmente presentarse a través da Sede Electrónica <https://xove.sedelectronica.gal> dentro da pestana “Enlaces de Interese”, concretándose a modalidade de xustificación mediante conta xustificativa do gasto realizado.





Concello de Xove

1.- A xustificación da subvención efectuarase polo beneficiario mediante a presentación da Conta Xustificativa de Subvención Nominativa, segundo modelo facilitado como Anexo IV, acompañada da seguinte documentación:

1) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Documentos xustificativos dos gastos realizados, esto é FACTURA ou FACTURA SIMPLIFICADA, que deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1619/2012, ademáis de estar datadas no periodo subvencionable e cuxo contido de xeito resumido é o seguinte:

- a) Número e no seu caso, serie
- b) Data de expedición
- c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do expedidor como do destinatario (que ten que coincidir co beneficiario da subvención)
- d) N.I.F. do expedidor da factura e N.I.F. do destinatario
- e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir a factura como do destinatario das operacións (beneficiario da subvención)
- f) Descrición da operación realizada co suficiente detalle, incluíndo o importe unitario **sen imposto** da operación
- g) O tipo impositivo ou tipos do IVA, no seu caso, aplicados ás operacións. Caso de estar exenta de IVE, facer referencia a este extremo
- h) O importe a que ascende o IVE
- i) Importe total da factura

Non se admitirán facturas emitidas a persoa física ou xurídica distinta do beneficiario da subvención.

Caso de se presenten nóminas, como xustificantes de gastos de personal, éstas deberán figurar asinadas polo responsable da entidade. Os





Concello de Xove

xustificantes de gastos da Seguridade Social, bastará o comprobante bancario que acredite o pago.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante “tickets” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros, e nos que figure o selo do establecemento así como a denominación e o CIF da entidade beneficiaria da subvención (sen esta condición non se admitirá o ticket).

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista en dietas por desprazamento (non manutención) de monitores para dar clases ou cursos da asociación solicitante, ou entrenadores e deportistas que compitan a nivel autonómico, provincial ou nacional en concepto de asistencia a entrenos ou competicións, aboarase un importe por kilómetro efectuado segundo o RD 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo, coas actualizacións que se teñan publicado con posterioridade a dita data, que establece actualmente a contía de 0,26 €/km. No documento xustificativo (cuxo modelo será facilitado polo Concello) deberá facerse mención á persoa interesada con todos os seus datos identificativos e lugar de residencia, lugar de desprazamento e número de kilómetros efectuados. Este documento deberá ser asinado tanto polo





Concello de Xove

interesado como polo responsable do clube ou asociación e deberá adxuntarse o seu xustificante de pago exclusivamente por transferencia bancaria. A presentación de dietas por desprazamento como gasto xustificativo non procederá cando a entidade poña a disposición dos monitores, entrenadores ou deportistas os medios para que estes acudan ao lugar onde desenvolvan a súa función.

Non se admitirán facturas que fosen ou vaian ser utilizadas para xustificar calquera outra axuda ou subvención percibida, e a tal efecto, o representante legal da entidade declarará responsablemente sobre este extremo no Anexo IV da Conta Xustificativa.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados **como xustificante antes do 15 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia**, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes, nin aquela que fose beneficiaria dunha subvención en exercicios anteriores pendente de xustificar ou cuxo expediente se atope inconcluso.





Concello de Xove

Nos xustificantes de pago debe terse en conta o seguinte:

-O pagador debe ser o beneficiario da subvención

-O terceiro que percibe as cantidades pagadas (proveedor, traballador, seguridade social, beneficiario do premio), ten que coincidir co terceiro que apareza no documento xustificativo do gasto

-Concepto polo que se realiza o pago, a título de exemplo “pago da factura nº xxx de data xx/xx/xx”

Se ben a transferencia bancaria será o mecanismo habitual de pago, admitiranse pagos mediante tarxeta de crédito ou débito a nome da entidade. Non obstante, ao justificante de pago efectuado deste xeito deberá acompañarse un extracto bancario no que se comprobe que o pago foi efectivamente realizado ca tarxeta a nome da entidade.

3) Para o caso específico de clubs e asociacións que xustifiquen parte dos gastos realizados con dietas por desprazamento dos seus monitores, entrenadores ou deportistas, á impartición de clases, cursos, entrenamentos ou competicións, deberá presentarse xunto coa Memoria un Anexo no que consten datos relativos a datas de impartición das clases ou cursos, calendario de entrenos e calendario oficial competicións. Dito Anexo deberá figurar asinado a modo de declaración responsable polo representante legal da entidade

4) No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

5) De non autorizar no Anexo I ao Concello de Xove para extraer de os





Concello de Xove

certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica e

Seguridade Social, deberán aportarse ditos certificados. O certificado de débedas

co
Concello de Xove será emitido de oficio polo Tesoureiro Municipal

Consonte ao artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos insertada no Anexo IV.

2.- A xustificación das subvencións deberá realizarse **antes do 15 de decembro** do ano correspondente debendo xustificarse a totalidade da axuda concedida. Caso de que así non fose, procederase pola Alcaldía-Presidencia, previo informe da Interventora Municipal, á redución da contía concedida e reflectida no correspondente Convenio de xeito proporcional á contía xustificada.

3.- Toda a documentación presentada deberá vir asinada dixitalmente polo representante legal da entidade ou asociación.

SEXTA.- Reintegro.

Procederá o reintegro da subvención sempre que concorran as circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións

SÉTIMA.- Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.





Concello de Xove

OCTAVA.- Réxime xurídico

Para todo o non previsto neste Convenio estarase ao disposto no Capítulo 3º do Título III das Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2025, na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no RD 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e no RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003.

NOVENA.- Vixencia do Convenio

O presente Convenio de Colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e da aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

Para que así conste e en proba de conformidade, asinan ámbalas dúas partes dixitalmente, dando fé de todo canto antecede o Secretario Municipal.

O Alcade

O Presidente do Clube Rítmica

Xove

Asdo. Demetrio Salgueiro Rapa
Abad.

Asdo. Roberto Fernández

O Secretario Municipal
Asdo. Víctor Voces López

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

